

MICE Petís

Programación audiovisual, para Centros Educativos, da 15ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico

MICE Petís nace coa vontade de crear novas miradas arredor do cinema no público máis novo. Esta parte da programación dedicada ao público escolar é unha das **novidades desta 15ª edición da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico**. O programa, que se desenvolverá dentro do festival polas mañás, está pensado para dúas franxas educativas: **de 2º a 5º de EP e de 6º de EP a 4º da ESO**.

As curtas que compoñen as sesións son películas que interesan dende o punto de vista da etnografía polo coñecemento que achegan do mundo infantil e xuvenil en diferentes culturas (pasando do Nepal a Suecia, entre outras). Estas pezas conectan ademais distintas procedencias nun **percorrido de oriente a occidente** no que se mostran diversos usos culturais á vez que se traballan valores tan importantes na educación como a **igualdade de xénero, a identidade sexual** ou a **diversidade funcional**.

DATAS: durante as mañás dos días 24, 25, 26 e 27 de marzo de 2020.

HORARIO: ás 11 horas.

ESPAZOS: Museo do Pobo Galego (para as sesións de 7 a 11 anos) e Teatro Principal (para as sesións de 11 anos en diante)

INSCRIPCIÓN PREVIA en: servizosdeac@museodopobo.gal

PRAZAS LIMITADAS

ENTRADA GRATUÍTA



Sesión para nenas e nenos de 2º a 5º de Educación Primaria Duración: 1 hora aproximadamente

Narge's Voice, de Hadi Rhabar (Irán)

Inspiración, de Daniel Parucho (Venezuela)

Prinsesspojken, de Sosi Chamoun (Suecia)

To wake - Buddhi, de Yakima Camille Waner (Nepal)

One fine day, de M. R. Vibin (India)

Land without Evil, de Kati Egely (Hungría, Arxentina)



Sesión para nenas e nenos de 6º de EP a 4º da ESO Duración: 1 hora aproximadamente

Bakyt, de Meerim Dogdurbekova (Kyrgistán)

Rammat-Gammat, de Ajitpal Singh (India)

Chico Miguel, de Maximiliano Subiela (Arxentina)

Narge's Voice, de Hadi Rhabar (Irán)

Inspiración, de Daniel Parucho (Venezuela)

Prinsesspojken, de Sosi Chamoun (Suecia)



Marcos Nine, realizador, produtor, guionista e director artístico do festival Cinema Crianza. Comezou a súa carreira colaborando no guión de series de televisión como *Mareas Vivas* ou *Terras de Miranda*. En 2003 dirixe *Carcamás*, un documental sobre o impacto da catástrofe do Prestige na Ría de Arousa. A esta peza seguiránlle outras moitas como *Aarón* (Premio Mestre Mateo á mellor obra experimental no 2009), *Manuscritos pompeianos* (2010) ou *Radiografía dun autor de tebeos* (2010) coas que participa en máis de 60 festivais de todo o mundo. A súa primeira longametraxe *La brecha* (2012) estreouse no Festival de Cine Independente de Bos Aires (BAFICI).



Museo do Pobo Galego



XUNTA DE GALICIA



CONCELLO DE SANTIAGO



Deputación DA CORUÑA



Copyright © 2020 Museo do Pobo Galego.

15ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico - Museo do Pobo Galego
DEAC | Departamento de Educación e Acción Cultural | Tlf: 981 58 36 20
servizosdeac@museodopobo.gal

A nosa dirección é:
San Domingos de Bonaval
15703, Santiago de Compostela.